



# CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100

Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: [correo@valdodubra.gal](mailto:correo@valdodubra.gal)

*Convocatoria e bases do proceso selectivo para o nomeamento de persoal funcionario de carreira.*

## ANUNCIO

CONVOCATORIA E BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA O NOMEAMENTO DE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA AUXILIAR ADMINISTRATIVO.

Por Resolución da Alcaldía núm. 199/2023, de data 10.04.2023, acordouse efectuar convocatoria do proceso selectivo de referencia de conformidade coas bases que rexerán o mesmo, aprobadas por Xunta de Goberno Local en sesión de data 23.03.2023, cuxo texto se transcribe de seguido:

**BASES QUE REXERÁN AS PROBAS SELECTIVAS CONVOCADAS PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN LIBRE.**

### **1.ª.-OBXECTO, SISTEMA DE SELECCIÓN E DOTACIÓN PRESUPOSTARIA.**

#### **OBXECTO**

É obxecto das presentes bases a provisión en propiedade das prazas que se inclúen na Oferta Pública de Emprego correspondente ao exercicio do ano 2023, aprobada por Xunta de Goberno Local de data 9 de marzo de 2023 e publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 52 de data 16 de marzo de 2023, cuxas características son:

<b>Denominación</b>	<b>Num. de prazas</b>	<b>Escala</b>	<b>Subescala</b>	<b>Grupo</b>	<b>Subgrupo</b>
Auxiliar administrativo/a	1	Administración Xeral	Auxiliar	C	C2

#### **DOTACIÓN PRESUPOSTARIA**

Existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte ás obrigas económicas derivadas da cobertura do posto.

### **2.ª.- LEXISLACIÓN APLICABLE**

Esta convocatoria rexerase no non previsto nestas bases, no disposto en:

- Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Real decreto legislativo 781/86, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.



# CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100

Rúa arcái, 41 – Bemibre – C.P. 15873 – E-mail: [correo@valdodubra.gal](mailto:correo@valdodubra.gal)

- *Regulamento de funcionarios de administración local do 30 de maio de 1952, no que non se opoña ou contradiga a aquela*
- *Real decreto 896/91, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos do procedemento de selección dos funcionarios de administración local.*
- *Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas*
- *Lei 30/84, do 2 de agosto, reformada pola Lei 23/88, do 28 de xullo, de medidas para a reforma da función pública.*
- *Real decreto 364/95, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios.*
- *Real decreto 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da lei do Estatuto básico do empregado público.*
- *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*
- *Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.*

### **3ª.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.**

*Para tomar parte no proceso selectivo, os aspirantes deberán reunir os requisitos xerais de titulación e as demais condicións esixidas para participar nas probas de acceso a funcionarios de carreira ou como persoal laboral respectivamente.*

*Para poder participar nos procesos selectivos será necesario reunir os seguintes requisitos, na data de expiración do prazo concedido para a presentación de instancias-solicitudes:*

- a. Ser español/a ou nacional dun Estado membro da Comunidade Europea nos termos previstos nos artigos 57 e 58, e disposición derogatoria única da Lei 7/2007 pola que se derroga a Lei 17/1993, do 23 de decembro, sobre acceso a determinados sectores da Función pública dos nacionais dos demais membros da Comunidade Europea. Poderán participar nos procesos selectivos nacionais doutros estados da Unión Europea e/ou estranxeiros residentes en España, sen necesidade de que se inclúa expresamente nas Bases específicas de cada convocatoria, de acordo coa Lei Orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España.*
- b. Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa (modificación introducida polo art. 56.1.c) da Lei 7/2007.*



## **CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)**

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100

Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: [correo@valdodubra.gal](mailto:correo@valdodubra.gal)

- c. *Estar en posesión do título de Educación Secundaria Obligatoria (ESO) o titulación equivalente, ou en condición de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de instancias. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación.*
- d. *Non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes á dita praza. Acreditarase mediante declaración xurada (ou na declaración da instancia adxunta ás presentes bases). As persoas con minusvalías deberán achegar certificación do correspondente organismo, facéndoo constar así mesmo na instancia, sinalando se precisan adaptacións para realización das probas e especificando tales adaptacións.*
- e. *Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o desenvolvemento de funcións públicas por sentenza firme. Acreditarase mediante declaración xurada (ou na declaración da instancia adxunta ás presentes bases).*
- f. *Aboar a taxa por dereitos de exame establecidas nas bases específicas, dentro do prazo de presentación de instancias-solicitudes.*
- g. *Posuír un coñecemento adecuado do castelán para os nacionais doutros estados.*

### **4.<sup>a</sup>.-PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.**

*As solicitudes (Anexo II), requirindo tomar parte nas correspondentes probas de acceso nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais para a praza que se opte, dirixiranse á Alcaldía deste Concello, e presentaranse no Rexistro Electrónico Xeral deste Concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de vinte días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.*

*Se o derradeiro día fose inhábil o prazo rematará ao seguinte día hábil.*

*Xunto coa solicitude débense achegar fotocopias dos documentos xustificativos de cumprir os requisitos de participación.*

*A instancia debe ir acompañada dos seguintes documentos:*

- a) *Fotocopia do D.N.I ou documento equivalente.*



## **CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)**

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100

Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: [correo@valdodubra.gal](mailto:correo@valdodubra.gal)

b) Documento de autoliquidación e xustificante bancario do seu aboamento ou de ser o caso: certificado de desemprego, emitido polo Instituto Nacional de Emprego ou, no seu caso, polo Servizo Rexional de Emprego que corresponda, no que se indique que figura como demandante de emprego, cunha antigüidade mínima de 6 meses, referida á data de publicación da convocatoria das probas selectivas de que se trate.

c) Copia do CELGA 3 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, para aqueles aspirantes que desexen ser exentos da realización da terceira proba da oposición de galego.

d) Título esixido para tomar parte no procedemento. No caso de non posuír o título pero estar en condicións de obtelo a data de finalización de presentación de solicitudes, deberanse achegar os xustificantes de telo solicitado e do pagamento, no seu caso, das taxas esixibles.

e) - Xustificante do pagamento da taxa pola participación nas probas selectivas. Que conforme a ordenanza fiscal nº 1, reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos, artigo 7º é a seguinte: Grupo C2: 12,23 euros (Será requisito necesario para participar nas probas selectivas aboar, dentro do prazo de presentación de instancias, os dereitos de exame e os gastos de tramitación que, no seu caso, determine a entidade, que poderán satisfacerse mediante xiro postal, telegráfico ou transferencia bancaria dirixida ó Concello de Val do Dubra no número de conta ES91 2080 0315 8031 1000 0038 da entidade ABANCA , acompañando á instancia o documento acreditativo do pagamento. A falta de presentación da taxa será causa de exclusión).

3. A documentación a que se refiren os apartados anteriores poderá ser presentada en copia simple do orixinal. Non obstante conforme establece o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, o Concello de Val do Dubra cando considere que existen dúbidas derivadas da calidade da copia, poderá solicitar o cotexo das copias aportadas polo interesado, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

En todo caso os interesados responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten, reservándose este Concello a facultade de exercer as medidas de esixencia de responsabilidade oportunas no caso de falsidade na documentación achegada.

4. Os aspirantes con discapacidade poderán solicitar as necesidades específicas de adaptación e axuste de tempo e medios que considere oportunas para participar nas probas selectivas en condicións de igualdade. Para iso farán constar na solicitude o seu tipo de discapacidade acompañado de certificado acreditativo expedido polo Ministerio de Emprego e Seguridade Social ou organismo autonómico competente) e as posibles adaptacións que precisen para participar nas probas selectivas. Así mesmo, deberán achegar certificado ou informe dos anteriores órganos acreditativo da compatibilidade da súa discapacidade co desempeño das tarefas e funcións propias do posto.

A adaptación de tempos consistirá na concesión dun tempo adicional para a realización dos exercicios e se levará a cabo de conformidade co disposto na Orde PRE-1822/2006, do 9 de xuño, pola que se establecen os criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.



# **CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)**

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100

Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: [correo@valdodubra.gal](mailto:correo@valdodubra.gal)

*Para a concesión ou denegación das solicitudes de adaptación, o Tribunal de selección deberá ter en conta que as mesmas non desvirtúen o contido do exercicio, nin impliquen redución nin menoscabo de suficiencia esixible para superar o proceso selectivo, así como que a adaptación garde relación directa co formato do exercicio a realizar. Aos efectos de motivar a correspondente decisión, o Tribunal poderá solicitar o correspondente informe ao órgano correspondente da Xunta de Galicia.*

*Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os/as interesados/as aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.*

## **5.ª.-ADMISIÓN DE PERSOAS ASPIRANTES.**

*1.–Rematado o prazo de presentación de instancias, o alcalde ditará resolución no prazo de 10 días naturais, que se publicará no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web municipal: <https://www.valdodubra.gal/> e/ou no taboleiro electrónico <https://sede.valdodubra.gal/opencms/es/informacion/>, no que se declarará aprobada a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión e outorgarase un prazo improrrogable de tres (3) días hábiles seguintes á publicación da dita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emenda de defectos, nos termos do art. 71 da LRXAP. Do mesmo xeito publicarase a composición do Tribunal Cualificador.*

*De non existir persoas excluídas, aprobarase con carácter definitivo a lista de persoas admitidas que se publicará na mesma forma e determinará o lugar, data e hora da celebración do primeiro exercicio.*

*Os sucesivos chamamentos e convocatorias, e en definitiva calquera decisión que adopte o Tribunal, e que deba coñecer o persoal aspirante ata a finalización das probas selectivas expoñeranse no taboleiro de anuncios e na páxina web municipal, sendo a dita exposición constitutiva de medio válido de notificación colectiva para todos os efectos. O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento selectivo.*

## **6.ª.-TRIBUNAL DE SELECCIÓN.**

*Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre muller e home.*

*O persoal de elección ou de designación política, o persoal funcionario interino e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.*

*A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.*

*A composición do tribunal cualificador é a seguinte:*



# CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100

Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: [correo@valdodubra.gal](mailto:correo@valdodubra.gal)

*Presidencia e suplencia: un funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional.*

*4 Vogais funcionarios de administración local. Un dos vogais actuará ó mesmo tempo como secretario do tribunal.*

*O Tribunal poderá dispor a incorporación ao seu labor no proceso selectivo de asesores especialistas, naquelas probas que consideren necesario e/ou para aqueles aspectos concretos do proceso selectivo debido á especialización técnica do traballo a realizar. A súa función circunscríbese a un mero asesoramento, é dicir actúan con voz, pero sen voto, non participan na toma de decisións do Tribunal. Asesórelos deberán gardar sigilo e confidencialidade acerca dos datos e asuntos sobre os que teñan coñecemento a consecuencia da súa colaboración no Tribunal.*

*O Tribunal poderá designar persoal colaborador para o desenvolvemento das probas, que actuará baixo a súa dirección, cando a complexidade do proceso selectivo aconsélelo.*

*A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.*

## **7.ª.-CONTIDO, DESENVOLVEMENTO DA FASE DE OPOSICION.**

*A resolución da Alcaldía aprobando a listaxe definitiva de persoas admitidas, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal fixará tamén o día, lugar e a hora para a realización do primeiro exercicio da fase de oposición, a proba tipo test.*

### **FASE DE OPOSICIÓN (MÁXIMO 20 PUNTOS)**

*As persoas aspirantes concorrerán provistos do seu DNI e bolígrafo e serán convocados en chamamento único, quedando excluídos da selección os que non comparezan, agás casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciados libremente polo Tribunal. A orde de actuación dos aspirantes será alfabética. Os exercicios terán lugar a porta pechada sen outra asistencia que a dos opositores e os membros do órgano de selección.*

#### **1º PROBA:**

*Consistirá en contestar por escrito, nun período máximo de 60 minutos, 50 preguntas tipo test máis 5 de reserva, determinadas polo Tribunal, relacionadas cos temas comprendidos no ANEXO I da presente convocatoria. Esta proba cualificarase de 0 a 10 puntos e será necesario acadar 5 puntos, como mínimo, para non quedar eliminado. O Tribunal examinará o nivel de coñecementos esixido para alcanzar a puntuación mínima.*





# **CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)**

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100

Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: [correo@valdodubra.gal](mailto:correo@valdodubra.gal)

A cualificación farase atendendo á seguinte fórmula:  $N = (A - F) / 3$ , onde N= nota final da proba; A=preguntas acertadas; F=preguntas falladas ou non respondidas.

## **2º PROBA:**

Consistirá na resolución dun caso práctico, no tempo máximo de 1 hora, determinado polo Tribunal e relacionado cos temas comprendidos no ANEXO I desta convocatoria.

Seguidamente as persoas aspirantes procederán á lectura do caso práctico ante o Tribunal. Esta proba cualificarase de 0 a 10 puntos e será necesario acadar 5 puntos, como mínimo, para non quedar eliminado. O Tribunal apreciará a aproximación á descrición e contido da normativa aplicable no esencial; e terase en conta a concreción das respostas dadas, a motivación destas e a contestación de todas as singularidades de cada resposta segundo o establecido en toda a normativa reguladora que ampara as respostas de cada unha delas.

O Tribunal determinará o nivel de coñecementos esixidos para alcanzar a puntuación mínima. A puntuación final da fase de oposición será a media aritmética das cualificacións da primeira e a segunda proba.

## **3ª PROBA:**

### Coñecemento de galego.

Consistirá na realización dunha proba escrita que serva para acreditar o coñecemento do idioma galego, sen prexuízo de que por parte do tribunal se poidan levar a cabo preguntas a fin de avaliar igualmente a expresión oral en galego do/a aspirante, nun tempo máximo de 30 minutos.

Terá carácter obrigatorio, e eliminatorio, agás para aqueles opositores que na solicitude de admisión no proceso selectivo declarasen estar en posesión do certificado CELGA nivel 3 ou de ter superados os estudos conducentes á obtención da validación do nivel de competencia en lingua galega equivalente ao CELGA 3 segundo a Orde do 16 de xullo de 2007 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, modificada pola ORDE do 10 de febreiro de 2014, ou estar en condicións de obtelos coma máximo á data de remate de presentación de instancias. O exercicio será cualificado de apto ou non apto. Serán eliminados aqueles aspirantes que non sexan cualificados de aptos.

Corresponderá ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar a cualificación de aptos.

### Cualificación final.

A cualificación definitiva da oposición será o resultado da suma das puntuacións outorgadas polo tribunal en cada un dos exercicios que compoñen a fase de oposición.



# **CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)**

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100

Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: [correo@valdodubra.gal](mailto:correo@valdodubra.gal)

*De tal xeito, despois de rematar as probas, o tribunal propondrá ao aspirante a ser nomeado como funcionario de carreira e a formación da bolsa de emprego pola suma total das puntuacións obtidas na oposición empezando polo aspirante que obtivera a maior puntuación. No caso de empate terá preferencia o aspirante que teña obtido unha maior puntuación na segunda proba; en caso de persistir o empate, terá preferencia o aspirante que tivera obtido maior número de respostas correctas na primeira proba. Se pese a isto persistise o empate resolverase mediante sorteo público ante alo menos dous membros do Tribunal sendo un deles necesariamente o Secretario do mesmo.*

## **8.ª.-LISTAXE DE APROBADOS E PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.**

*Finalizado o proceso selectivo, o Tribunal fará pública (mediante anuncio no taboleiro electrónico de edictos do Concello (<https://valdodubra.sedelectronica.gal>) a relación definitiva dos aspirantes aprobados indicando pola orde de puntuación obtida.*

*Esta relación presentarase ao señor Alcalde coa proposta do candidato (1) que obtivera a maior puntuación para o nomeamento de funcionario de carreira.*

*O/ a aspirante proposto/a, chegará no prazo máximo de 10 días naturais, contados a partir da publicación da lista de aprobados no taboleiro de edictos, os documentos seguintes:*

*1º.-Copia do título académico esixido na base 4ª ou no seu defecto, o xustificante de ter aboado os dereitos para a súa expedición.*

*2º.-Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.*

*No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no seu Estado, o acceso ó emprego público.*

*3º.-Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da súa toma de posesión.*

*4º.-Documento de autorización ao uso e cesión de datos de carácter persoal a favor do Concello de Val do Dubra en modelo facilitado polo Concello de Val do Dubra.*

*5º.- Comunicación do número de afiliación á seguridade social.*

*6º.-Certificación de número de conta bancario expedido pola entidade bancaria.*

*No mesmo prazo sinalado para a presentación da documentación, o aspirante seleccionado someterase a recoñecemento médico polos servizos do Concello, para acreditar que non padece*





# **CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)**

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100

Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: [correo@valdodubra.gal](mailto:correo@valdodubra.gal)

*enfermidade ou defecto físico nin psíquico que impida o desempeño das correspondentes funcións.*

*Os aspirantes que fagan valer a súa condición de persoas con discapacidade deberán presentar certificado dos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Seguridade Social que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativo da compatibilidade do desenvolvemento das tarefas e funcións correspondentes (se non o tiveran presentado xa coa solicitude).*

*A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta Base ou non sometemento ao recoñecemento médico esixido e agás nos casos de forza maior, ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 4ª, suporá que o aspirante non poderá ser nomeado funcionario e quedarán anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que houberan incorrido por falsidade na solicitude de participación.*

*Neste caso procederá a requirírselle a documentación ao aspirante que tivera quedado en segunda posición concedéndolle idéntico prazo para que proceda a presentala.*

## **9.ª.- PROPOSTA DO TRIBUNAL**

*O Tribunal publicará no taboleiro de edictos da Corporación e na páxina web municipal, no mesmo día en que se acorde, a relación de puntuacións outorgadas e elevará á Alcaldía proposta da relación de persoas presentadas por orde de puntuación para o posterior nomeamento como funcionario interino do aspirante proposto e, asemade, integrar a bolsa de traballo para os efectos de ser nomeadas persoal funcionario interino cando proceda para cubrir a renuncia ou situacións de incapacidade temporal, maternidade ou paternidade do persoal municipal.*

## **10.ª.-BOLSA DE TRABALLO E CHAMAMENTO DOS ASPIRANTES.**

*Constituirase unha bolsa de emprego coas persoas que superen o proceso selectivo e non resulten seleccionadas, a fin de que poida ser utilizada en futuros chamamentos que puidesen resultar necesarios para cubrir vacantes temporalmente debidas a renuncias ou situacións de incapacidade temporal, maternidade ou paternidade do persoal municipal, entre outras. A bolsa será ordenada segundo a puntuación obtida.*

*O nomeamento dos aspirantes efectuarase atendendo á súa clasificación na bolsa de traballo, por orde decrecente de puntuación, Os chamamentos realizaranse por vía telefónica efectuándose, como mínimo, dúas chamadas.*

*Coa finalidade de posibilitar a mellor tramitación do procedemento, os interesados son responsables de comunicarlle ao Concello calquera alteración do seu número de contacto.*



# CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100

Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: [correo@valdodubra.gal](mailto:correo@valdodubra.gal)

*O empregado público que efectúe as chamadas fará constar mediante dilixencia a disposición do interesado a cubrir temporalmente a praza que corresponda. De non atender as chamadas, entenderase que o aspirante desiste de cubrir a praza.*

*Os aspirantes que sendo requiridos para o seu nomeamento renuncien a el dúas veces seguidas ou non poidan ser chamados por causa non imputable á Administración, pasarán a ocupar a derradeira posición na bolsa de traballo para os efectos de novos nomeamentos. O mesmo proceso aplicarase a aquelas persoas que renuncien o desempeño do seu posto de traballo unha vez iniciada a prestación.*

*A bolsa de traballo terá unha vixencia de tres (3) anos.*

## **11.ª.-PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.**

*A persoa aspirante proposta presentará, no prazo de cinco (5) días hábiles, contados dende que se faga público o resultado da selección, os documentos acreditativos de que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na base 2.ª desta convocatoria:*

- 1. Copia compulsada do título esixido nas presentes bases.*
- 2. Declaración xurada de non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, de non estar en situación de suspensión de funcións, nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas.*
- 3. Declaración xurada de non estar incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade.*
- 4. Informe médico de non padecer enfermidade nin eiva física que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto.*
- 5. Fotocopia da tarxeta sanitaria.*
- 6. Certificado número de conta bancaria cos 20 díxitos.*

*Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior, a persoa aspirante proposta non presentase a documentación ou non acreditase reunir os requisitos esixidos, non poderá ser nomeada e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que incorrera por falsidade.*

## **12.ª.-NOMEAMENTO.**

*Unha vez presentada a documentación, a Alcaldía decretara o nomeamento como funcionario/a de carreira da persoa aspirante proposta pola Tribunal de Valoración, sendo nulo o nomeamento de quen estea incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.*



# CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100

Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: [correo@valdodubra.gal](mailto:correo@valdodubra.gal)

*A persoa nomeada deberá tomar posesión no prazo de UN MES a partir da data de notificación da resolución do nomeamento, debendo prestar previamente xuramento ou promesa de conformidade co establecido no RD 707/1979, do 5 de abril, e virá obrigado a prestar a súa xornada de traballo na medida e forma requiridas polo interese do servizo, de acordo coa lexislación aplicable. Mentres non tome posesión do posto e non se incorpore ao posto de traballo, o/a nomeado/a non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.*

### **13.ª.-INCIDENCIAS E RÉXIME DE RECURSOS.**

*En todo o non previsto nas presentes bases o tribunal quedará facultado para resolver e/ou interpretar as dúbidas que se poidan presentar, e tomar os acordos necesarios para a boa orde e adecuado desenvolvemento do proceso con pleno sometemento ás previsións normativas aplicables ao respecto, e con arranxo ao sentido e contido das propias bases.*

*Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polo interesados recurso de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso-administrativo, que se poderá interpor no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo correspondente, o a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).*

*No non previsto nas bases será de aplicación a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, a Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local; o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado polo Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril; e o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, e no que non estea reservado á lexislación do Estado será de aplicación a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.*

**CONTRA A RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA QUE APROBE AS PRESENTES BASES, QUE PON FIN Á VÍA ADMINISTRATIVA, PODERASE INTERPOÑER UN RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ANTE OS XULGADOS DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO, NO PRAZO DE DOUS (2) MESES CONTADOS DENDE O DÍA SEGUINTE AO DA PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DO PROCESO SELECTIVO NO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA, SEGUNDO O ART. 46.1 DA LEI 29/1998 DE 13 DE XULLO DA XURISDICIÓN CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA. ASÍ MESMO PODERASE INTERPOÑER UN RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN ANTE O ALCALDE-PRESIDENTE, NO PRAZO DUN (1) MES CONTADO A PARTIR DO DÍA SEGUINTE AO DA PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DO PROCESO SELECTIVO NO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA (ARTIGOS 123 E 124 DA LEI 39/2015, DE 1 DE OUTUBRO, DE PROCEDIMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS). NO CASO DE QUE SE INTERPOÑA O RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN, ATA QUE SEXA RESOLTO EXPRESAMENTE OU SE PRODUZA A DESESTIMACIÓN PRESUNTA, NON SE PODERÁ INTERPOÑER O RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO (ARTIGO 123.2 DA LEI 39/2015, DE 1 DE OUTUBRO, DE PROCEDIMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS).**



# CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100

Rúa arcái, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: [correo@valdodubra.gal](mailto:correo@valdodubra.gal)

*TRANSCORRIDO O PRAZO DE UN (1) MES DESDE A INTERPOSICIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN SEN QUE SE TEÑA RECIBIDO NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DO MESMO ESTE SE PODERÁ ENTENDER DESESTIMADO CONFORME AO PREVISTO NO ARTIGO 24.1 DA LEI 39/2015, DE 1 DE OUTUBRO, DO PROCEDIMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS.*

*SEN PREXUÍZO DO ANTERIOR; AS SOLICITUDES DE REVISIÓN DE EXAME PODERÁN SER PRESENTADAS NO PRAZO MÁXIMO DE 5 DÍAS HÁBILES A CONTAR DESDE A PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DE CUALIFICACIÓNS DA PROBA. TALES SOLICITUDES SERÁN RESOLTAS POLO TRIBUNAL DE SELECCIÓN NO PRAZO MÁXIMO DE 1 MES A CONTAR DESDE A PRESENTACIÓN DA MESMA.*

*CONTRA OS ACORDOS, ACTAS E VALORACIÓNS REALIZADAS POLO TRIBUNAL DE SELECCIÓN CABERÁ A POSIBILIDADE DE INTERPOÑER RECURSO DE ALZADA NO PRAZO DE UN (1) MES A CONTAR DESDE A PUBLICACIÓN OU NOTIFICACIÓN DO ACORDO, DE CONFORMIDADE CO PREVISTO NOS artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante a Alcaldía-Presidencia da Corporación. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de alzada será de tres (3) meses, transcorrido este prazo sen que recaia resolución, se poderá entender desestimado o recurso conforme o previsto no artigo 122.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.*

## **ANEXO I:**

### **TEMARIO.**

*Tema 1.- A Constitución Española de 1978: estrutura e contido.*

*Tema 2.- A organización territorial do Estado na Constitución. A Administración Local na Constitución.*

*Tema 3.- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Capacidade de obrar e concepto de interesado. Identificación e firma dos interesados no procedemento.*

*Tema 4.- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Os dereitos dos cidadáns nas súas relacións coa administración. Os rexistros. O arquivo de documentos. A obriga de resolver. O silencio administrativo. Os documentos no expediente administrativo.*

*Tema 5.- O acto administrativo. Motivación e forma. Os termos e prazos. Eficacia dos actos administrativos. A notificación e publicación dos actos administrativos. Especial referencia á notificación electrónica.*



## **CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)**

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100

Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: [correo@valdodubra.gal](mailto:correo@valdodubra.gal)

*Tema 6.- O procedemento administrativo: concepto e clases. Os principios xerais do procedemento administrativo. As normas reguladoras. Fases do procedemento administrativo xeral. Os informes. O trámite de audiencia. Da tramitación simplificada do procedemento administrativo común na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.*

*Tema 7.- A resolución do procedemento administrativo. Os recursos administrativos: concepto e clases. A executoriedade dos actos administrativos. A execución forzosa. Medios de execución forzosa.*

*Tema 8.- A invalidez do acto administrativo. Actos supostos de nulidade de pleno dereito e de anulabilidade. A convalidación, conservación e conversión dos actos administrativos. A revisión de actos e disposicións pola propia Administración. A acción de nulidade, procedemento, límites. Efectos. A declaración de lesividade. A revogación de actos. A rectificación de erros materiais e de feito.*

*Tema 9.- Os órganos administrativos. Competencias. Funcionamento dos órganos colexiados. Abstención e recusación. Funcionamento electrónico do sector público.*

*Tema 10.- O municipio: concepto, elementos e competencias. O termo municipal. A poboación municipal. O Padrón de habitantes. O estatuto dos veciños.*

*Tema 11.- Competencias propias, compartidas e delegadas. Os servizos mínimos. A reserva de servizos.*

*Tema 12.- A organización municipal nos concellos de réxime común. Órganos necesarios e órganos complementarios. O Pleno. O Alcalde. Os tenentes de Alcalde. A Xunta de Goberno Local. Competencias de cada un deles. A participación dos veciños na xestión municipal.*

*Tema 13.- A potestade regulamentaria local. Ordenanzas e Regulamentos. Definición. Clases. Procedemento de elaboración e aprobación.*

*Tema 14.- Réxime de sesións e acordos dos órganos de goberno local. Actas, certificacións, comunicacións, notificacións e publicación dos acordos. O Rexistro de documentos nas entidades locais.*

*Tema 15.- Os contratos do sector público. Delimitación dos tipos contractuais. Os contratos menores. O perfil de contratante. Preparación dos contratos. Selección do contratista e adxudicación dos contratos.*

*Tema 16.- Efectos, cumprimento e extinción dos contratos administrativos. Os Rexistros oficiais de licitadores de empresas clasificadas. O Rexistro de Contratos do Sector Público. A Plataforma de contratación do Sector Público.*

*Tema 17.- Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.*

*Tema 18.- O orzamento das entidades locais. Elaboración e aprobación. Principios orzamentarios.*



# CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100

Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: [correo@valdodubra.gal](mailto:correo@valdodubra.gal)

Tema 19.- *As facendas locais: Recursos. impostos, taxas e contribucións especiais. Outros ingresos. Ordenanzas fiscais.*

Tema 20.- *A actividade en materia de subvencións das Entidades Locais: Regulación.*

*Procedementos de concesión de subvencións. Beneficiarios de subvencións Xustificación de subvencións. Infraccións e sancións en materia de subvencións.*

Tema 21.- *O persoal ao servizo das Corporacións Locais: Clases e réxime xurídico. A Selección do persoal funcionario e laboral.*

Tema 22.- *Dereitos e deberes dos funcionarios públicos. Retribucións. Licencias e permisos. Dereitos sindicais e de representación. Responsabilidade. Incompatibilidade. Réxime disciplinario.*

Tema 23.- *A protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.*

Tema 24.- *A igualdade de oportunidades. A Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. O decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.*

Tema 25.- *A transparencia, acceso á información pública e bo goberno.*

## ANEXO II

### MODELO DE INSTANCIA/SOLICITUDE

“Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Val do Dubra

D.D.<sup>a</sup> \_\_\_\_\_,  
de \_\_\_\_\_ anos, con DNI \_\_\_\_\_ e domicilio en  
\_\_\_\_\_, n.º \_\_\_\_\_, piso \_\_\_\_\_ C.P.  
\_\_\_\_\_, da localidade \_\_\_\_\_, con teléfono  
\_\_\_\_\_, e correo electrónico \_\_\_\_\_

EXPOÑO:

**I. Que desexo participar no PROCESO DE SELECCIÓN E CREACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO DUN FUNCIONARIO DE CARREIRA, ESCALA ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA AUXILIAR, DENOMINACIÓN: AUXILIAR ADMINISTRATIVO**

**II. Que declaro, baixo a miña responsabilidade, reunir todos os requisitos esixidos para poder participar neste proceso selectivo (referidos á data de finalización do prazo sinalado para a presentación desta solicitude), segundo o previsto nas bases reguladoras, que coñezo e acepto;**





## CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100

Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: [correo@valdodubra.gal](mailto:correo@valdodubra.gal)

*declarando, asemade, a veracidade do que aquí expoño, así como dos datos que figuran nesta instancia, comprométome a xustificalo documentalmente cando así sexa requirido.*

*Polo exposto, SOLICITO:*

*Ser admitido no proceso antedito achegando para estes efectos, segundo o disposto no apartado terceira da bases reguladoras, a seguinte documentación;*

- a) DNI, pasaporte ou documento de identificación equivalente e acreditativo da nacionalidade do aspirante.*
- b) Titulación requirida para acceder ao proceso selectivo de acordo co sinalado na base 2e). No caso de titulacións que requiran do Celga 3 acreditarase documentalmente estar en posesión, do nivel 3 , ou estar en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias. A dita acreditación do coñecemento de lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación; con arranxo ao Sistema de Certificación de Lingua galega (CELGA) actualmente vixente, ou as súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos termos do previsto na Orde de 16 de xullo de 2007, e Orde de 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior, ao respecto dos certificados oficiais acreditativos dos niveles de coñecemento de lingua galega).*
- c) - Xustificante do pagamento da taxa pola participación nas probas selectivas. Que conforme a ordenanza fiscal nº 1, reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos, artigo 7º é a seguinte: Grupo A: 12,23euros*

*Val do Dubra, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2023*

---

O alcalde, José Manuel Varela Ferreiro, en Val do Dubra a 11 de abril de 2023.